

Xoves, 22 de xullo de 2021

Núm. 139

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

REDONDELA

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

APROBACIÓN DO CAMBIO DE USO DOTACIONAL DE EQUIPAMENTO ESCOLAR A EQUIPAMENTO CULTURAL. (ART. 42.5 LSG). EXPEDIENTE 3634/2021.

O Pleno do Concello de Redondela, en sesión extraordinaria urxente do día 13 de xullo de 2021, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o cambio de uso das parcelas coñecidas como antigas vivendas dos Mestres sitas na avda de Mendiño, 24 e 26, con referencias catastrais: 2423029NG3822S0001AA e 2423030NG3822S0001HA, con clasificación urbanística, de acordo coas Normas Subsidiarias de Planeamento de ámbito municipal, de solo urbano dotacional público de equipamento escolar a outro uso dotacional público, equipamento cultural.

Segundo.- Publicar o presente acordo no BOP e no DOG, e remitilo á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, aos efectos da súa inscrición no Rexistro de Planeamento de Galicia.

Terceiro.- Notificar este acordo ao departamento municipal de urbanismo, para o seu coñecemento

Dando cumprimento ao establecido no apartado terceiro deste acordo, faise constar que mediante oficio da alcaldesa de data 14 de xullo de 2021, remitiuse o acordo á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, aos efectos da súa inscrición no Rexistro de Planeamento de Galicia.

A alcaldesa – Digna Rosa Rivas Gómez.

Documento asinado electronicamente á marxe.

